



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE NOVEMBRO DE 2018

FAVORABLES.-

LIC/1203/2018.- JORGE VILAR SUÁREZ.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na Ponte do Romáño, 45.

LIC/584/2018.- ALEJANDRO ÁLVAREZ CASTRO.- Conceder licenza para executar obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Cima da Eira.

LIC/722/2018.- ALESSANDRO MONACO UZAL.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de A Lavacolla – Sionlla, 34.

PARCELACIONES/SEGREGACIÓNS.-

LIC/1531/2018.- INVER RAYENA, S. L.- Denegar a licenza para parcelar a finca sita no lugar A Pedra, 11.

LIC/278/2017.- JUAN CARLOS LÓPEZ LÓPEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregación dunha parcela sita no lugar de Feáns.

LIC/1349/2018.- MODESTO OTERO SEXTO.- Denegar a licenza para parcelación e agrupación dunha parcela sita no lugar de Bando de Arriba, en unidade de acto.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na Ponte do Romáño, 45. LIC/1203/2018. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Cima da Eira. LIC/584/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de A Lavacolla - Sionlla, 34. LIC/722/2018. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación de licenza para parcelar a finca sita no lugar A Pedra, 11. LIC/1531/2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación de cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregación dunha parcela sita no lugar de Feáns. LIC/278/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación de licenza para parcelamento e agrupación dunha parcela sita no lugar de Bando de Arriba, en unidade de acto. LIC/1349/2018. Apróbase a proposta.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á recepción das obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de "xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico viario urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa Servicios de Colaboración Integral SL, que oferta retribuírse cunha porcentaxe do 26,80 por cento de todos os cobros realizados en período voluntario de pago.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao rexeitamento de ofertas presentadas e adxudicación do contrato de "obras contempladas no proxecto de renovación de viarios e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020". Adxudícase o contrato á empresa ALCOMTE Galicia SL, por un importe de 358.284,7 euros, IVE incluído.

11.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio entre o concello de Santiago e a FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 5.000 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio entre o concello de Santiago e o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 20.000 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio entre o concello de Santiago e a FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio entre o concello de Santiago e o CLUB ATLETISMO SANTIAGO. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 9.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio entre o concello de Santiago e o CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 7.000 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio entre o concello de Santiago e o OBRADOIRO CLUB AMIGOS DE BALONCESTO SAD. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 120.000 euros.

17.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a AGRUPACIÓN DEPORTIVA EL CORREO GALLEGO. Dase conta.

18.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE XADREZ. Dase conta.

19.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o CLUB ARTEAL TENIS DE MESA. Dase conta.

20.- Dar conta da sinatura de diversos convenios entre o concello e entidades do sector cultural, ano 2018. Dase conta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo para dar conta da sinatura do convenio de colaboración con COGAMI. Dase conta.

2.-Recoñecemento extraxudicial de crédito. Apróbase a proposta.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á distribución de horarios dos sete vehículos de autotaxi adaptados. Apróbase a proposta.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación da Execución do proxecto básico e de execución do edificio multiusos en Lavacolla. POS+2018. Apróbase o proxecto e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 312.324,18 euros, IVE incluído.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á modificación do contrato do “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado urbano” formalizado coa empresa CESP. Acórdase a modificación do contrato para substituír as melloras consistentes na colocación de xardineiras colgantes (inexecutada na súa totalidade) e a reposición de plantas en xardineiras de balcóns (executadas de forma parcial) pola mellora consistente na realización de traballos de acondicionamento das hortas urbanas do Campo das Hortas, consistentes na execución de 53 hortas cunha superficie media de 60 metros cadrados. As melloras iniciais supoñen un importe de 33.540,99 euros máis IVE e as novas melloras ascenden a 36.677,24 euros máis IVE, asumindo a súa costa a empresa contratista o incremento do importe.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato das Obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución. Acórdase adxudicar o contrato á empresa Obras y Servicios Gómez Crespo S.L, por un importe de 308.217,25 euros, IVE incluído.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de subministración dun tractor e dúas rozadoras traseiras avanzadas. Orzamentos Participativos 2017 Compostela Decide. Acórdase adxudicar o contrato á empresa HITRAF S.A por un importe de 119.790 euros.

8.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á concesión de axudas da convocatoria aberta de axudas de apoio a procesos e actividades culturais 2018-2019 destinadas ao sector profesional. Apróbase a corrección da distribución do importe das subvencións por anualidades, quedando un total de 70.312,02 euros para o ano 2018, e 29.687,98 euros para o ano 2019. Apróbase a concesión de subvención a un total de 14 entidades solicitantes.